

PRAIA, MONTAÑA OU PLUMA?

O "dolce far niente"

19.08.2010 Marcos Calveiro, con catro proxectos para esta temporada, opina que os deportistas non deberían "se-los guieiros da sociedade"

ADRIÁN GONDAR . SANTIAGO

Non ten tempo para facer deporte nin para ler. Aínda que o deporte, directamente, non lle interesa en absoluto. Marcos Calveiro gusta máis de ir á praia, pasear ou visita-los amigos no tempo libre que lle dá o seu traballo. Inmerso en numerosos proxectos literarios de diversa índole, o escritor e avogado considera que en Galicia non se escribe por profesión, senón por vocación.

Está a ter un verán de pracer ou de traballo?

De traballo, por desgraza.

Ten algún plan para pasa-lo verán?

Normalmente en Vigo escapamos fóra de Vigo, estou nunha casa dunha aldea situada nos montes da Paradanta, na provincia de Pontevedra. Iso non quita que faga escapadas á praia, ó cinema, concertos, etc.

Vese practicando o Xacobeo?

Non teño ningún interese. Unha cousa é face-lo Camiño, dentro dalgúns anos cando os meus nenos sexan maiores e percorrelo durante un mes. Faríao dende Francia, pero por unha cuestión meramente turística. Por suposto que nada que ver con gaña-lo Xubileu, nin coller ano Xacobeo nin nada disto.

Ten algún proxecto para a próxima temporada?

Moitos. O fundamental é no que estou, vou publicar unha colección en castelán de catro novelas, que se vai titular *El Sumurai del Rey*. As dúas primeiras saíran en Nadal, e a terceira e a cuarta, que estou escribindo nestes intreos e que me teñen tan atarefado este verán, saíran para primavera do ano que vén. Á parte publicarei o libro que gañou o premio da deputación, o Raíña Lupa: *Centauros do norte*, unha novela xuvenil. Ando tamén a preparar unha biografía de Lois Pereiro para o ano que vén (risos). Eu adoito escribir unha temporada, como sempre digo, de outono-inverno, pero este ano tocóme escribir en verán. É algo que non me gusta, pero...

Que é o que lle gusta máis do verán?

Estar de vacacións, non ter que ir á oficina, gozar coa familia e cos amigos e o tempo de ocio. Normalmente ler, todo o que non teño tempo de ler durante o ano o acumulo e o meto nunha bolsa para o verán, pero este ano por desgraza non teño esa posibilidade.

O verán ten algo de especial ou é coma as demais estacións?

Ten de especial que os meus fillos están de vacacións e teño máis tempo para estar e para facer cousas con eles. Nese sentido, tamén hai máis tempo para estar cos amigos e coa familia. Logo, ademais, gozar do tempo, posibilidades de andar por aí, de ir á praia...

Entre tomar cañas nunha terraza ou un volta e volta deitado na praia, que escollería?

Non é incompatible, pódese face-lo volta a volta, estar toda a tarde cos nenos na praia, e logo á tardiña ir tomar unhas cañas e estar na terraza.

Este verán non ten tempo para ler, pero escoita música ou vai ó cinema?

Escoito a radio habitualmente, e películas as que me toca ver cos meus fillos cando teño que ir con eles ó cinema. Normalmente son uns "pestiños" de moito coidado (risos). Practicamente o tempo que non teño de ocio consiste en erguerme cedo e estar escribindo, e polas noites o mesmo. Logo o resto do tempo ando por aí: pola praia, de paseo, de visitas ou facendo escapadas. O "dolce far niente", que din os italianos, o doce non facer nada.

Non facer nada, nin deporte?

Non, eu son deportista de cadeira ou de sofá, non practico ningún tipo de deporte para nada. É unha cousa que non me atrae en absoluto, nin como practicante nin para miralo especialmente. Home, algún partido ás veces de fútbol ou unhas Olimpíadas, atletismo, si que me pode interesar, pero non estou moi dacordo con esa preponderancia que se lle dá ó deporte nesta sociedade. Parece que os deportistas deberían se-los guieiros da sociedade cando eu penso que é todo o contrario, que teñen de especial un tío e outros once que andan detrás dunha pelota? Sobre todo cando hai moitísima xente que fai moitas cousas e de moito máis mérito que un deportista profesional.

A literatura para un escritor é ó tempo profesión e hobby?

Nin profesión nin hobby, eu non son escritor profesional, dende logo. Neste país poucos hai, e os que hai deixan de selo. Tampouco é un hobby pero é unha parte importante da miña vida, é unha paixón. Un escribe máis por vocación ou paixón que por profesión ou hobby, polo menos en Galicia. Ó mellor en España hai xente que escribe por profesión e que ten posibilidades de vivir da escrita e o toma como unha profesión, pero para min é unha paixón e unha parte importante e relevante da miña vida.

O escritor sempre ten un libro baixo o brazo?

Creo que para ser bo escritor hai que ter sido ou ser un bo lector. Non entendo un escritor que non le, non ten sentido. Deberíamos ser grandes lectores, non sei se o somos, os que coñezo si pero non sei se todos. Creo que é condición case indispensable ser lector para ser bo escritor, supoño que os malos escritores son moi malos lectores.

Cando un está de vacacións adoitan vir á mente boas ideas para un vindeiro traballo?

Si, porque normalmente é o que fago. Documéntome para pensar en novos proxectos ou leo moito para ver qué se está a facer. Normalmente andas cun montón de historias na cabeza durante todo o ano. O problema está no momento en que, de todas esas, logo se pasan a papel ou á pantalla do ordenador, ese salto. O malo é que con todo o traballo que me queda durante estes seis meses mailo que vou publica-lo ano que vén, eu creo que ata 2012 non me vou poder poñer coas ideas que teño na cabeza dándome voltas.

Se puidese escoller calquera persoa, con quen lle gustaría compartir un espazo virtual?

Escollería a Lois Pereiro, xa que me teño que pór na súa pel e escribir unha biografía. Te-la oportunidade de falar con el ou telo coñecido sería moi importante. Aínda así, gustaríame xa só como lector e admirador da súa obra.

Custa arrincar o primeiro día de escritura tralas vacacións?

Custa organizarte máis que nada, arrincar non. Tardo bastante ata que teño a idea máis ou menos perfilada, pero o que é arrincar, o comezo, non me custa nada. Cústame logo desenvolve-las historias ou dalas rematado. Sempre comezo polo final e o teño claro dende o principio, pero como teño tendencia ó caos e á desorganización logo cústame moito pecha-los fíos que vou abrindo nas miñas novelas (non fago distinción nin de adultos nin de rapaces). Custa pechar tódolos cabos e toda a novela, pero eu teño moitos comezos de novelas (risos), o problema é continualos e ir camiñando cara ó final que tes máis ou menos pensado.

O PERFIL

Nome: Marcos Sánchez Calveiro.

Lugar de nacemento: Vilagarcía de Arousa.

Ano de nacemento: 1968

Obras: *Sari, soñador de mares* (2005), *Cartas do terceiro día* (2006), *Rinocerontes e quimeras* (2007), *O carteiro de Bagdad* (2007), *Festina Lente* (2008), *O canto dos peixes* (2009), *O pintor do sombreiro de malvas* (2010) e *Settecento* (2010).

Premios: Premio de Literatura Infantil Ala Delta por *O carteiro de Bagdad*, Premio Lazarillo por *O pintor do sombreiro de malvas*, Premio Raíña Lupa por *Centauros do norte* (por publicar)...

Ademais: Desenvolve en Vigo a súa faceta como avogado.